



CCOO INFORMA

BONO SOCIAL ELÉCTRICO DA XUNTA DE GALICIA

En que consiste?

Son axudas urxentes de tipo social para evitar os cortes de subministración eléctrica ás persoas consumidoras vulnerables severas en risco de exclusión social.

Quen pode solicitar a axuda?

Poderán solicitar esta axuda as persoas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia que teñan a consideración de consumidor vulnerable severo en risco de exclusión social.

Requisitos

- a) Ser residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Ser o/a titular do contrato de subministración eléctrica.
- c) Ter contratado o prezo voluntario ao pequeno consumidor (PVPC) con aplicación do bono social de consumidor vulnerable severo (desconto do 40 %), para o que deberán cumprir os límites de renda establecidos.
- d) Estar en risco de exclusión social, o que será acreditado mediante certificado ou informe social expedido polos servizos sociais.
- e) Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións.

Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia e rematará o 31 de outubro de 2022.

Presentación de solicitudes

- As solicitudes de axuda cubriranse a través do formulario normalizado accesible des de a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, ou ben desde a ligazón <https://axudascortes-subministracion.xunta.gal>
- As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica. Para a presentación das solicitudes por esta vía, poderá empregarse o documento nacional de identidade electrónico ou os certificados dixitais emitidos polas autoridades de certificación Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT) e certificados Camerales (Camerfirma).

Gastos subvencionables e contía das axudas

- Os gastos subvencionables serán o 50 % do importe das facturas de electricidade (calculado segundo o establecido no artigo 12 do Real decreto 897/2017), correspondentes á vivenda habitual do solicitante acollido ao prezo voluntario ao pequeno consumidor (PVPC) para consumidor vulnerable severo (bono social do 40 %), que estean pendentes de pagamento e emitidas entre os dous meses anteriores á data da solicitude e o 30 de novembro de 2022 por unha comercializadora de referencia (COR) que teña asinado un protocolo de colaboración coa Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación para evitar os cortes de subministración.
- A contía da subvención será unha cantidade fixa máxima por solicitante de 300 €/ano, ou de 450 €/ano no caso de familias numerosas, que se irá pagando segundo a comercializadora remita as correspondentes facturas á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.
- O importe da subvención regulada nesta orde en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións das distintas administracións ou calquera dos seus entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total do gasto subvencionable.

Documentación necesaria

- a) De ser o caso, autorización aos empregados públicos ou traballador social de referencia para a presentación electrónica da solicitude e da documentación relativa a esta orde de axudas (anexo III). Neste caso deberá presentarse tamén o anexo II asinado polo solicitante.
- b) Certificado ou informe social emitido polos servizos sociais de que o solicitante está en risco de exclusión social (anexo IV) ou certificado que acredite ser beneficiario do ingreso mínimo vital, salvo que sexa beneficiario da Risga e non se opoña á consulta.
- c) Documento acreditativo de ser beneficiario do bono social para consumidor vulnerable severo. Poderá acreditarse mediante copia dunha factura na que figure aplicado o desconto do 40 % do bono social para consumidores vulnerables severos.
- d) De ser o caso, título de familia numerosa (só no caso de que o dito título non fose expedido pola Xunta de Galicia).

**Secretaría de Emprego, Política Social e Políticas Públicas de Protección
SN de CCOO de Galicia**